


# Tui- Pontevedra

## INFORMACIÓN DA ZONA

### Cidade histórica

O Conxunto Histórico de Tui é o segundo en importancia de Galicia, tras Santiago de Compostela. Tui foi capital dunha das antigas sete provincias do Reino de Galicia e o seu conxunto histórico-artístico é un bo exemplo de urbe medieval cun estado de conservación que o converte nun dos mellores do territorio galego. A comunidade xudía deixou unha pegada profunda na cidade.

As vellas rúas forman unha rede desde as orientacións do río Miño que vai subindo cara a catedral fortaleza, o que lle confire á cidade un



singular perfil, recoñecible desde a distancia. A imaxe da vella ponte internacional que a une con Valença, o río aos pés da cidade e a catedral no alto da colina, é xa unha icona repetida en millares de fotografías espalladas polo mundo e tomadas polos peregrinos que entran a Galicia polo Camiño Portugués a Santiago.



Foto 1 Catedral de Tui

A carón de Tui temos o Monte Aloia, que foi o primeiro parque natural de Galicia (04/10/1978). O Aloia posúe uns fantásticos miradoiros orientados cara a distintos lugares que permiten desfrutar de vistas do Baixo Miño, do Val Miñor, da Louriña ou mesmo das illas Cíes, se a néboa o permite.



Foto 2 Centro de interpretación

A natureza é xenerosa neste monte. As distintas repoboacións de especies forestais, permiten desfrutar dun frondoso bosque que reúne árbores singulares nos montes galegos.

Polos seus camiños e sendeiros faremos a primeira ruta desta fin de semana.




Foto 3 Monte Aloia



*Foto 4 Muro homenaxe á poboación de Cans que colabora no festival*

O domingo desprazaremonos ata o concello de O Porriño, concretamente ata a parroquia de Santo Estevo de Cans, famosa polo festival de curtametraxes e os seus chimpíns de transporte.



*Foto 5 Entrada ao Castelo*

Dende alí subiremos ata o Castelo de Cans ou Penedo do Pianista, pasaremos polo chamado Faro do Monte Budiño e remataremos no Concello de Salceda de Caselas.

## PROGRAMA PREVISTO DE ACTIVIDADES

### Monte Aloia: 22-03-2025

Nesta ruta circular de case 20 km percorrermos os arredores do Monte Aloia e subiremos ata o cumio para desfrutar dos seus miradoiros. Cruzaremos nalgún punto o GR-58 Senda das Greas. Partiremos do polideportivo da Macoca para adentrarnos case de inmediato por unha pista forestal.



*Foto 6 Tui dende o Miradoiro do Alto dos Cubos*

Tomaremos un desvío por un sendeiro que nos levará ascendendo ata o Castro do Alto dos Cubos.

Alí poderemos ver os restos escavados dalgunhas vivendas dos nosos ancestros e tamén o primeiro miradoiro do día dende o que veremos a cidade de Tui.



Descenderemos e continuaremos por unha pista ata o pobo do Frinxo, onde veremos unha ferverza.

Subindo unhas escaleiras, volveremos meternos en plena natureza e seguiremos a antiga canle escavada na pedra, o “Rego de Pedra”, que data de 1955-1958 e foi empregado para regar os cultivos do Frinxo.



*Foto 7 Rego de pedra*

Desviarémonos cara o centro de interpretación do Enxeñeiro Rafael Areses, unha casa forestal singular.

Foto 8 Fervenza de Frinxo



Foto 9 Escaleiras acceso Miradoiro da Oliva

Dende alí seguiremos a Senda Botánica, pasaremos pola poza dos anfibios e case de inmediato enlazaremos coa Ruta da Oliva, que nos fará chegar ao punto máis elevado do noso percorrido, o Alto de San Xiao.

Visitaremos os distintos miradoiros (Gran Cruz, Castelo) e comezaremos o descenso dende a Capela de San Xiao seguindo o PRG-002 da Serra do Galiñeiro. Nada máis iniciar a baixada poderemos achegarnos ao miradoiro de González Páramos.

Deixaremos o trazado do PRG-002 para adentrarnos nun piñeiral e logo descenderemos un tramo dun cortafuegos para continuar uns quilómetros por sendeiros e pistas ata o pobo de Remesal, onde veremos os Muiños de Tripes. Enlazaremos coa Ruta do Monte Aloia para rodear o pobo de Circos e regresar ao punto de partida.



Foto 10 Muiños de Tripes

618 m



Ilustración 1 Distancia 19,6km; Tempo estimado 7h; Dificultade Media-Alta; Desnivel +850m, -850m

### Cans - Salceda de Caselas: 23-03-2025

Nesta ruta lineal, partiremos da Parroquia de Santo Estevo de Cans. Tras pasar polo muro homenaxe á poboación de Cans que colaborou no festival de curtametraxes (condutores dos chimpíns, propietarios das leiras, galpóns e alpendres reconvertidos en salas de cine, etc.), dirixirémonos cara ao cemiterio dende onde comezaremos a “pindia” ascensión ao Monte do Castelo de Cans. No século XI asentábase neste outeiro o Castelo de Mirabel do que apenas quedan unhas marcas nas rochas que axudan a situar a entrada, a torre vixía, as murallas e o alxibe. No século XV foi destruído, ben durante as revoltas irmandiñas, ben pola presión dos Reis Católicos.





Foto 11 Vistas dende o Castelo



*Foto 12 Banco do Rider*

escalar, so é unha pequena trepada).

Seguindo a senda, subiremos unhas escaleiras que nos conducirán case ao cumio deste Monte, dende onde se divisan todos os vales e montes da contorna.




*Foto 14 Área recreativa As Conforcadas*

porticada.

Colleremos a continuación unha pista forestal que nos levará bordeando plantacións de piñeiros e eucaliptos ata o Banco do Rider instalado sobre unha pedra (no que algúns vos animaredes a subir), dende o que se teñen vistas de toda a serra.

A partir de aquí baixaremos para achegarnos ao Faro de Budiño pola cara oeste. Iremos rodeando as impresionantes paredes rochosas nas que se poden ver numerosas vías de escalada. Nun pequeno tramo tocará botar as mans para superar un pequeno desnivel rochoso (non hai que



*Foto 13 Alto do Faro de Budiño*

Descenderemos por sendeiros e pistas que nos levarán ata área recreativa das Conforcadas, onde enlazaremos co PRG-132 dos Montes de San Cibrán.

Antes de chegar á aldea de Condide, deberemos agacharnos ben para superar unha zona



Atravesaremos entre fincas ata chegar á Portela, onde abandonaremos o PRG-132 para coller a Senda do río Caselas, que nos levará por un bosque de ribeira ata Salceda de Caselas, punto final desta ruta.

429 m

50 m

*Ilustración 2 Distancia 15km; Tempo estimado 7h; Dificultade Media-Alta; Desnivel +766m,-672m*

Máis información:

## Festival de Cans

(<https://www.festivaldecans.gal/gl/de-que-vai/>)

O Festival de Cans é un festival moi especial. Os que o facemos sempre dicimos que posiblemente non sexa o mellor festival do mundo, pero si o máis diferente. Cans celébrase sempre o terceiro ou cuarto fin de semana do mes de maio, coincidindo cos nosos primos do Cannes de Francia. Con ese paralelismo entre os dous nomes comezou un día como unha broma o Festival de Cans. Era pouco menos que un xogo fonético, pero pouco a pouco todo foi collendo unha dimensión que nos sorprendeu. Desde o ano 2004, ó que asistiron 500 persoas nunha tarde de sábado, empezamos a acoller visitantes sen parar, e agora recibimos multitude de xente nos catro días que dura o evento.



Cans é un festival de curtametraxes de produción galega, onde a música tamén xoga un papel moi relevante. Durante o festival, a aldea transfórmase completamente. Diferentes espazos se convierten en salas de proxección, adegas, alpendres, jalpóns, baixos de casas ou casas vellas deshabitadas.

Outros espazos, como placas de casas en construción, galiñeiros ou leiras convértense en lugares para actuacións musicais e actividades paralelas. E a xente trasládase frenéticamente dun lado a outro en chimpín -os pequenos tractores domésticos- como se estivesen vivindo nun filme de Kusturica.

A broma foi converténdose nun gran punto de cita de público e profesionais. Ademais do festival de curtas hai estreos de filmes e documentais, coloquios con cineastas, roteiros sonoros e un feixe de actividades que se reparten entre a aldea e o núcleo urbano de O Porriño. Durante uns días, Cans convértese nun espazo no que se produce un terremoto cultural. Fronte á sofisticación e o glamour da Costa Azul, o noso festival ofrece altas doses de autenticidade e diversión no medio das leiras. É o que se chama **Agroglamour**, a esencia que define ao evento.

O Festival de Cans toma por completo a aldea. O Torreiro (a praza da igrexa), convértese no centro da festa, a estrada central córtase e convértese no Cans Voulevar, o Parque do Río pasa a ser un espazo multiusos e en todos os currunchos hai unha programación intensa e diversa de cine e música para ós nenos. Os espazos cotiás perden a súa privacidade e os veciños e veciñas cédenos para seren de uso público por uns días. O Cuberto de Chelo, o Cuberto do Pato, o Baixo de Carlos, o Baixo de Alfonso, o Jalpón de Alicia, o Baixo do Carreira, a Casa de Mari, o Baixo de Bugarín ou o Baixo do Moncho convértense en salas de proxección transformadas polas pantallas construídas na aldea polos carpinteiros Silvino e Juan Maceira, e pola herba empacada e as táboas onde senta o público a ver os filmes.

Hai curtas de ficción, de animación, documentais, concurso de videoclips ou webseries. A creación galega máis emerxente pasa por Cans, que se converte na gran plataforma de visibilidade dos novos creadores. Cans é unha mestura que non é fácil de definir pero ante todo unha experiencia marabillosa que hai que vivir. Por iso todo o mundo repite. Se ves un ano, seguro que volves. Esa é unha máxima infalible.

## **Muro dos Chimpíns**

Cada ano, o Festival de Cans concede un chimpín de prata honorífico “Premio Pepe Puime” para recoñecer o traballo desinteresado que moitos veciños fan polo evento.

Dende o 2015, o Muro dos Chimpíns converteuse no espazo de homenaxe a todos os veciños e veciñas que teñen recibido o Chimpín de Prata “Premio Pepe Puime”, o galardón que o festival concede a aqueles que destacan polo seu traballo a favor do evento. Ubícase ademáis nunha das rutas principais dos chimpíns, o camiño que baixa dende a igrexa ata o cemiterio. Alí están xa os nomes de Alicia, de Divina, do noso carpinteiro Juan Maceira ou do histórico e querido condutor de chimpíns falecido Pepe Puime, que da nome ó galardón.

## **PRG-002 Galiñeiro**

Bonito e sinxelo percorrido que nos conduce, de norte a sur, polas ladeiras da Serra do Galiñeiro rematando no Monte Aloia.

Comezamos no refuxio de montaña do Club Montañeiros Celtas e, en dirección sur, cruzamos bosques de piñeiros e eucaliptos con fermosas vistas de Vigo e a súa ría, a zona de Val Miñor e as vilas de Baiona e Tui. Nesta ruta atopamos restos prehistóricos e casas rurais.

Unha vez no Monte Aloia, declarado Parque Natural en 1978, poderemos contemplar una grande variedade de especies arbóreas, visitar o castro e gozar das maravillosas vistas do río Miño e Portugal.

## **Sendeiro do río Caselas, fonte de Agüín, ponte do Picado**

Esta senda transcorre ao carón do río Caselas. Comeza na Fonte de Agüín, no barrio do Cruceiro, e remata na Ponte do Picado, no barrio de Muíños na parroquia de Entenza. Durante o seu quilómetro de lonxitude pasa por tres zonas ben diferenciadas: os “Lameiros”, as terras da Quinta da Gargantada e a zona coñecida como “Illa do Picado”, onde se atopa o muíño do mesmo nome, o único de tres moas que se conserva neste Concello. A senda enmárcase no contorno do río Caselas (12 km de lonxitude), que no seu tramo final entronca co LIC (Lugar de Interese Comunitario - Rede Natura 2.000) do río Miño, do que é afluente. O lugar conserva un interesante bosque de ribeira no que destacan fermosos exemplares de freixos, amieiros, salgueiros, loureiros... Aquí habitan interesantes especies da fauna galega como a ra patilonga, o lagarto das silveiras, a garza real, o picapeixe, o aguanón, etc.; e tamén especies piscícolas como as troitas ou as anguías

## **Montes de San Cibrán PRG132**

Trátase dunha ruta lonxitudinal de 12,83 km. que se inicia no Alto do Confurco e ascende por Couso ata a fervenza da Galomeira, continuando logo ata o alto de San Cibrán. Dende alí descende cara a parroquia de Picoña paralela ao río Caselas, que presenta unha rica vexetación de ribeira e varios muíños. Dende o fondo do val o sendeiro ascende de novo cara os montes comunais de San Xurxo e vaise afastando das leiras e casas para volver a discorrer entre masas de piñeiros e eucaliptos. A ruta finaliza na área recreativa das Conforcadas, onde se pode enlazar con Sendeiro das Greas GR-58 para regresar ao alto de Cans e realizar un percorrido circular.

## **Sendeiro das Greas GR58**

É o máis extenso dos sendeiros de gran percorrido de Galicia. É un percorrido circular duns 250 quilómetros que percorre todos os municipios da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. Trátase dun itinerario dunhas 70 horas que comeza no aeroporto de Vigo e atravesa os termos municipais de Redondela, Soutomaior, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Mos, Ponteareas, O Porriño, Salceda de Caselas, Tui, Gondomar, Baiona e Nigrán, para rematar de novo en Vigo.

Son moi numerosos os atractivos ambientais deste sendeiro, que atravesa paraxes de gran beleza onde non faltan bos exemplos de arquitectura popular. Ao seu paso por Salceda destacan edificios de singular factura como os pazos de Pegullal, Aballe e Picoña, ademais dunha gran variedade de monumentos populares, de elementos culturais de todo tipo e de paisaxes de extrema beleza.